- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
11	O papel traxicómico.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura.	PE	60
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Analizar e describir aspectos básicos do funcionamento da lingua utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redactar textos escritos e multimodais sinxelos, presentando, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Redactar os textos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios de maneira guiada e utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de

Contidos

- calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuío literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
12	De quen vés sendo?	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	PE	60
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Ler textos deixando constancia da experiencia da lectura.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise dos seus elementos constitutivos.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe mostrando a resposta persoal do lector na lectura.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar narracións orais sinxelas con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	TI	40
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.
- Introducción á reflexión interlingüística.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao círculo literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura terá en conta as seguintes liñas de actuación:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de

- aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
 - O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
 - O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese.
 - A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas linguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa. Cómpre que sexa consciente da utilidade deste coñecemento, non só para reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos, senón tamén para que a lingua galega adquira unha maior proxección internacional.
 - A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos.
 - A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira a habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza e, asemade, a incorporación de contidos literarios, están as dramatizacións e representacións teatrais e iniciativas en formato audiovisual.
 - A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico tanto vocálico coma consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas galegas.
 - A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos.
 - A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos. Fomentarase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.
 - A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar as lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para afondar nestes contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Xerais. Vigo
González Rei, Begoña (2004). Ortografía da Lingua Galega. A Coruña: Galinova Editorial
López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega
Costas, Leticia (2018): A balada dos unicornios. Xerais.

García Teijeiro, Antonio (2007): Na fogueira dos versos. Xerais.

Fernández Paz, Agustín (2006): Corredores de sombras. Xerais.

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro.

Nas aulas contamos con canon, computador portátil, conexión a internet, taboleiro dixital... para acceder ao Entorno virtual de aprendizaxe EDIXGAL e ao Libro Dixital Interactivo (Nextex, Edebé, Aula Planeta).

A biblioteca ofrece obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc.

Ademais dos materiais citados, dispoñemos doutros recursos dixitais:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
 - Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/>
 - Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>
 - Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
 - Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html
 - O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
 - Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg>
 - Tradutor Gaio - Frontal de tradución automática: <http://tradutorgaio.xunta.gal>
 - Conxugador de verbos galegos <http://conxugador.cilenis.com>
 - Son de poetas. <http://sondepoetas.blogspot.com/> Antoloxía da poesía galega musicada.
 - O portal da lingua, da Xunta de Galicia: <http://www.lingua.gal/portada>
 - Bivir. <http://tradutoresgalegos.com/bivir.html> Biblioteca virtual galega universal en galego. Fichas de autores, obras completas e escolmas.
 - Biblioteca virtual da Real Academia Galega. <https://academia.gal/biblioteca-virtual#MainPage.do>: obras clásicas galegas.
 - Galiciana. Biblioteca de Galicia. <http://biblioteca.galiciana.gal/gl/inicio/inicio.do>.
- Recole a dixitalización de moitos dos fondos da biblioteca de Galicia e ten un apartado de clásicos galegos.
- A historia da Banda Deseñada galega (<http://culturagalega.gal/noticia.php?id=16710>)
 - Xornais dixitais: <https://www.nosdiario.gal/>, <https://praza.gal/ferrol>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras sesións lectivas do curso e coa finalidade de detectar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, para adecuar as ensinanzas e facilitarlle unha progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe realizaremos unha proba oral e varias probas escritas.

A proba escrita poderá partir dun texto literario, xornalístico, etc.:

- O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do texto proposto.

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel anterior.

A proba oral poderá partir dun texto literario, xornalístico, etc que deberán recitar, dramatizar, locutar...

Os datos e a información acadada nestas primeiras sesións de curso serán compartidas co resto do equipo docente para adoptar, de forma coordinada, as medidas máis oportunas para cada alumna ou cada alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo. Non perseguen, en ningún caso, cualificar ao alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	8	8	7	7	8	8	10	10
Proba escrita	50	50	50	40	50	50	50	50	50	60
Táboa de indicadores	50	50	50	60	50	50	50	50	50	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	100
Proba escrita	60	60	52
Táboa de indicadores	40	40	48

Crterios de cualificación:

A avaliación será coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, terá en conta os contidos abordados nos catro bloques en que se estrutura a materia de Lingua e literatura galega.

Os criterios de avaliación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias clave e os obxectivos fixados.

Ao longo do curso realizaranse 3 avaliacións parciais e unha avaliación final para o alumnado que non consiga superar a materia nas avaliacións parciais.

Informarase por escrito ao alumno e ás familias das cualificacións obtidas. Estas avaliacións permitirán ao alumnado tomar conciencia dos puntos fortes e débiles do seu proceso de aprendizaxe

Na avaliación final, fariamos unha proba obxectiva escrita que inclúa actividades propostas por nós ao longo do curso.

Para a cualificación trimestral da área aplicaranse os seguintes CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

As probas obxectivas escritas (2 por avaliación) terán un valor máximo dun 50% na nota final da avaliación.

As actividades/tarefas propostas na clase os traballos individuais ou en grupo terán un valor máximo dun 30% na nota final da avaliación.

A lectura dunha obra íntegra de literatura xuvenil (1 obra por avaliación) terá un valor máximo dun 10% da nota final da avaliación. A oralidade (a través de diferentes tarefas de comprensión e expresión oral) terá un valor máximo dun 10% da nota final da avaliación.

Valorarase a corrección lingüística na produción textual (exames, traballos, tarefas de clase...). Os erros poderán descontar ata 1 punto sobre a cualificación desas producións.

Proposta de lecturas:

Se un/unha alumno/a falta a unha proba sen xustificante médico ou de deber inescusable, terá un cero nese apartado. O mesmo para a entrega dos traballos, non se recollerán fóra de prazo. No caso de detectar que un alumno/a copia nun exame retiráraselle a proba inmediatamente e poráselle un 0.

Para aprobar a avaliación é necesario que a media ponderada entre as partes sexa igual ou superior a 5, logo do redondeo.

Contéplase a posibilidade de realizar recensións orais ou escritas sobre unha listaxe de lecturas facilitadas polo profesorado. Estas lecturas abordarán temáticas variadas e inseriranse en distintos xéneros literarios. A realización destas recensións, unha por avaliación, poderán sumar ata 0,5 puntos á nota da avaliación.

Os criterios de cualificación rexeranse, polo tanto, por notas de exames, notas por traballos e tarefas individuais ou en grupo e lecturas de obras de literatura.

Para calcular a nota da avaliación final ordinaria realizarase a media ponderada das tres avaliacións parciais (1ª aval. 30%, 2ª aval. 30% e 3ª aval. 40%).

Crterios de recuperación:

O alumnado que non chegue ao 5 na 1ª ou 2ª avaliación parcial non fará ningunha proba específica de recuperación durante as seguintes, xa que a maior parte da materia é obxecto de avaliación progresiva.

Para o alumnado que non consiga superar a materia na avaliación, porque na terceira avaliación parcial ten unha nota inferior a cinco e a media ponderada coas outras tamén é inferior a 5, faremos unha proba obxectiva escrita que inclúa os contidos traballados ao longo do curso actual. A nota desta proba obxectiva escrita será tida en conta na avaliación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao longo do curso realizaranse 3 avaliacións parciais, que se terán en conta para a nota da avaliación final. E unha avaliación final, para o alumnado que non consiga superar a materia nas avaliacións parciais.

Na avaliación final faremos unha proba obxectiva escrita que inclúa actividades propostas por nós ao longo do curso.

Para a cualificación trimestral da área aplicaranse os seguintes criterios de cualificación: As probas obxectivas escritas (1 por avaliación) terán un valor máximo dun 80% na nota final da avaliación.

As actividades/tarefas propostas no boletín de exercicios facilitado a través do entorno virtual EDIXGAL terán un valor máximo dun 20% na nota final da avaliación.

Valorarase a corrección lingüística na produción textual (exames, traballos, tarefas de clase...). Os erros poderán descontar ata 1 punto sobre a cualificación desas producións.

Para aprobar a avaliación é necesario que a media ponderada entre as partes sexa igual ou superior a 5, logo do redondeo.

Para calcular a nota da avaliación final realizarase a media ponderada das tres avaliacións parciais (1a aval. 30%, 2a aval. 30% e 3a aval. 40%) e, se esta é inferior a 5, terase en conta a nota da proba final de xuño e/ou os resultados acadados polo/a alumno/a nesta materia no actual curso académico.

6. Medidas de atención á diversidade

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, as medidas de atención á diversidade que deben atender ao principio de inclusión educativa enténdese como «o conxunto de accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado».

Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a Educación Secundaria Obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, as Administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; para que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Contamos con tres alumnas e mais un alumno con Dislexia. Deles, dous teñen DEA e unha alumna TDA. Nestes catro casos seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería. No caso do alumnado con DEA, este contará ademais coa correspondente Adaptación Curricular Individualizada. O desenvolvemento e a avaliación da adaptación curricular levarase a cabo en colaboración co profesorado de apoio e contará co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación.

Tres alumnos coa materia de primeiro curso pendente contarán con reforzo educativo (RE). Para estes, reduciranse os contidos aos establecidos nos mínimos de consecución.

As actuacións metodolóxicas que se leven a cabo co resto do grupo irán orientadas a elaborar actividades que teñan diferentes graos de realización, introduciranse unha ampla variedade de actividades individuais, que se adecúen ao ritmo de traballo de todo o alumnado. Realizaranse actividades de reforzo e consolidación en cada unidade didáctica. Desenvolverase unha avaliación formativa orientada a valorar o proceso e o avance na consecución dos obxectivos. Son todas estas, medidas de carácter ordinario que teñen o propósito de prestar unha atención educativa de calidade, inclusiva e para a diversidade, e non repercuten nos obxectivos, contidos, nin nos criterios de avaliación.

No caso de que ao longo do curso se matricule algún outro alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X							
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X			X				
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.				X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X

Observacións:

O Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de segundo curso de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión de lectura
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Amais dos elementos transversais indicados anteriormente, segundo o artigo 19.2, «promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social [...] e a pluralidade».

Por último, atendendo ao artigo 19.3. do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, «evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero».

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Certames literarios	Promoverase a participación en todos aqueles certames convocados polo EDLG, Concello, SXPL...	X	X	X
Conmemoracións	Colaboraremos na celebración do Día de Rosalía, do Día da poesía, Semana da prensa e Semana do Libro.		X	X
Recitais poéticos, representacións teatrais e proxeccións cinematográficas.	Ao longo do curso tentaremos que o alumnado participe na oferta cultural da contorna.	X	X	X
Encontro co/coa autor/a.	Procuraremos que o alumnado participe nun encontro con Leticia Costas e/ou Antonio García Teijeiro	X	X	

Observacións:

Participaremos, na medida do posible, en todas aquelas actividades de dinamización da lingua galega propostas polo equipo de Dinamización do Centro e/ou outras entidades (Concello, Secretaría Xeral de Política lingüística...). Tamén colaboraremos na celebración de datas sinaladas: Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as mulleres (25 de novembro), Día escolar da Non- Violencia e a Paz (30 de xaneiro), Día Internacional da Muller traballadora (8 de marzo) e todas as que teñen que ver coa lingua e a literatura: Día da biblioteca (24 de outubro), Día de Rosalía (23 de febreiro), Día da Poesía (21 de marzo), Semana do libro (23 de abril).

Ábrese a posibilidade á asistencia a recitais poéticos, representacións teatrais e proxeccións cinematográficas. En colaboración coas editoriais procurárase que o alumnado participe nun encontro co/a autor/a das obras lidas no curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
6. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
8. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
9. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
15. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
Metodoloxía empregada
5. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
10. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
11. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Medidas de atención á diversidade
2. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
3. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
12. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
14. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
7. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, etc.).
13. Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
16. Mantívoose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.
Outros
4. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
17. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
18. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte da memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, modificacións ou adaptacións realizadas e outras observacións).

Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
2. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
3. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
4. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
5. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
6. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
7. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
8. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
9. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados